

INSTRUCCIÓN PARA REALIZAR VÍDEORECEITAS: AS ARTES DOS PEIXES E DOS MARISCOS DE CAMARIÑAS.

- Pode realizar a súa videoreceita no formato que desexe. Os videos deberán cumprir os seguintes requisitos mínimos:
 - Deberá empregarse a **lingua galega** na videoreceita
 - Poderán concursar vídeos de **receitas** tradicionais e novas sempre que non foran premiadas noutros concursos.
 - As receitas deben ter como protagonista un **peixe ou marisco** que capturan as embarcacións ou extraen as mariscadoras do Concello de Camariñas. Poderán empregarse tamén as conservas que se producen nas industrias conserveiras de Camariñas.
 - As receitas deben estar **explicadas dabondo** para poder ser reproducidas sen dificultade por calquera persoa.
 - Recomendase que a **duración sexa entre dous e dez minutos** máximo.
 - O vídeo deberá:
 - ✓ Iniciarse coa frase: ***Videoreceita para o concurso As artes dos peixes e dos mariscos de Camariñas presentado por (nome e apelidos ou sobrenome da persoa concursante)***
 - ✓ No vídeo deberá incluírse, como mínimo, a seguinte información:
Ingredientes da receita, duración, dificultade, peixe/marisco protagonista e proceso de elaboración.
 - ✓ Pode engadirse os comentarios e observacións que se desexen.
 - ✓ Debe **pecharse o vídeo cunha despedida.**
- Unha vez teña o video realizado deberá nomealo co seguinte formato **Concurso_VideoreceitaCamarinas_Nome_Apelidos**.
Exemplo *Concurso_VideoreceitasCamarinas_Paco_Fogons_Coitelo*
- Cando o teña nomeado debe subilo á súa canle de Youtube e remitirnos o enlace xunto coa solicitude a adl@camarinas.net. Se non ten canle propia de youtube pode enviar o video directamente a adl@camarinas.net e a organización do concello encargarse de publicalo na canle de Youtube do concurso <http://goo.gl/Rk8qYs>

Para concursar debe remitir ata do 30 de setembro ás 13:00h a adl@camarinas.net a solicitude (autorización do/a titor/a no caso de ser menor de idade) e o enlace do video no seu canle de youtube ou no seu defecto o video orixinal.

Anime aos seus amigos e coñecidos a votar o seu video ata o 30 de setembro. O gañador será quen máis votos acade

**Para calquera dúbida: Axencia de desenvolvemento local de Camariñas adl@camarinas.net
T. 981 737004. De luns a venres dende as 9:00 ata as 14:00h**